

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A CORUÑA)
CELEBRADO O DÍA 3 DE AGOSTO DE 2023.**

ASISTENTES

ALCALDE

Ana M^a López Fernández

**CONCELLEIROS/AS
GRUPO P.P**

Miguel A. Pérez Fraguela

Laura García Ruíz

Miriam Rodríguez Fernández

Manuel Fraguela Castro

GRUPO PSGA-PSOE

José M. Alonso Pumar

Jonathan I. Miranda Lucas

Carmen del Río Fraguela

GRUPO BNG:

Adrián Pernas Lamas

Carlos Castro Durán

M^a Joaquina Martínez Pego

SECRETARIA:

Alejandra Pardo Vázquez

INTERVENTORA:

Ausente

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día tres de agosto de dous mil vinte e tres, reúñense os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia da Alcaldesa, Ana M^a López Fernández. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

ORDE DO DIA:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 07/07/2023.

2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DENDE A SESIÓN CONSTITUTIVA: do 277/2023, de 21/06/2023 AO 345/2023, DE 28/07/2023.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES LOCAIS NOS CONSELLOS TERRITORIALES DA PROPIEDAD INMOBILIARIA (EXPDTE 2023/X999/000032).

4º.- MOCIÓNS

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

.....
.....

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 07/07/2023.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en adiante), a Alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións á acta da sesión de 07/07/2023, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

Carlos Castro comenta que que hai un erro na páxina nove da acta, débese de rectificar a data do pleno, de venres para xoves.

Con esta observación, a acta resulta aprobada por unanimidade.

**2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DENDE A SESIÓN CONSTITUTIVA:
do 277/2023, de 21/06/2023 AO 345/2023, DE 28/07/2023.**

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, dáse por enterado dos Decretos de referencia.

**3º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES LOCAIS NOS
CONSELLOS TERRITORIALES DA PROPIEDAD INMOBILIARIA (EXPDTE
2023/X999/000032).**

Visto o ditame da C.I de Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar, Comercio, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras de 31/07/2023, que establece:

“A Orde de Economía e Facenda de 26 de xullo de 2007 (BOE 4 de agosto), pola que se establece o procedemento de designación dos representantes locais en diversos órganos colexiados, sinala que os representantes das entidades locais nos Consellos Territoriais da Propiedade Inmobiliaria serán renovados na súa totalidade dentro dos catro meses seguintes á celebración das eleccións municipais.

Constituídos os novos Concellos tras as eleccións do pasado mes de maio, procede realizar os trámites de designación de vogais, un dos cales corresponde aos municipios da provincia de A Coruña cuxa poboación de dereito sexa igual ou inferior a vinte mil habitantes.

Visto o escrito remitido o 17 de xullo de 2023 a esta entidade local pola Delegación de Economía e Facenda de Galicia (Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de A Coruña), no que solicita que, antes do vindeiro 11 de setembro do ano en curso, se propoña un Concello para a súa representación no Consello Territorial.

*En base ao anteriormente exposto, á Comisión Informativa de Comisión Informativa de Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar, Comercio, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras por dous votos a favor do Grupo municipal do PP, e tres abstencións dos grupos municipais do PSGa-PSOE e BNG emite o seguinte **DITAME**:*

PRIMEIRO: *Propoñer ao Concello de TEO, en representación da Administración Local, no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria.*

SEGUNDO: *Dar conta do presente acordo ao Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de A Coruña”.*

A Alcaldesa explica que como xa se indicou na Comisión Informativa que propoñen ao Concello de Teo, xa que a súa dispoñibilidade de asistencia non era viable, e que este Concello ten maior dispoñibilidade.

Carlos Castro di que van a votar en contra pola cor política do Concello de Teo, e que sería distinto se se propuxera algún Concello cercano con unha problemática semellante á de Cariño.

Ana M^a López di que calquera pode ser designado xa que se trata de un vogal para a provincia.

José M. Alonso explica que na Comisión Informativa faláronse de que os partidos políticos trouxeran unha alternativa, e que o PSOE non vai a propoñer ningún Concello, e pregúntalle á Alcaldía porqué elixiu o Concello de Teo e non calquera outro, como por exemplo, Moeche, Ferrol, etc... Entende que se pretende que se respalde a Teo que será en base a algo, a que a persoa que se designe teña unos coñecementos específicos na materia por exemplo.

Ana M^a López resposta que dende o seu partido que se designou a esa persoa porque ten unos coñecementos e dispoñibilidade para estar nese posto.

O Pleno corporativo por cinco votos a favor do grupo municipal do PP, tres abstencións do grupo municipal do PSGA-PSOE e tres votos en contra do grupo municipal do BNG

ACORDA:

PRIMEIRO : Fixar con unha periodicidade bimensual as sesións plenarias ordinarias, celebrándose as sesións ás 20:00 horas do último venres hábil dos meses impares, isto é, xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro.

SEGUNDO: Establecer a posibilidade de anticipo ou demora nunha semana da data de celebración das sesións ordinarias, se por causas debidamente xustificadas derivadas da ausencia da Alcaldía, da natureza dos asuntos a tratar, ou da coincidencia das datas con días festivos así resulte conveniente, e mantendo en todo caso o punto preceptivo de “Rogos e Preguntas” e de control dos órganos corporativos segundo a redacción dada ao apartado e) do artigo 46.2 da Lei 7/1985.

4º.-MOCIÓN

Non se trata ningunha moción no presente Pleno.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

-Carlos Castro realiza un **ROGO**: petición de retransmisión dos plenos por internet.

A Alcaldesa dille que lle parece ben, pero que teñen que poñer unha serie de recursos e que o Concello non está coa economía suficientemente saneada para poñer en marcha ese tema.

-Carlos Castro realiza un **ROGO**: indica que no Pleno de organización se establece a posibilidade de que os plenos ordinarios que se poidan atrasar ou adiantar unha semana de forma xustificada, pero que roga que este recurso non se utilice de forma habitual.

A Alcaldesa contesta que intentarán respectar as datas dos plenos, pero polo tema das eleccións e cambio de Corporación que se retrasou todo.

-Carlos Castro transmite as queixas dos usuarios do SAF: indica que ante a ausencia de persoal nos domicilios, que non recibiron aviso os usuarios.

A Alcaldesa explica que hai condicións que se están a producir no SAF e que as teñen que arranxar, e que son graves. Engade que falta a traballadora social e tamén a substituta, e que están agora mirando para contratar outra persoa. Di que hai que cambiar cousas para solucionar certos temas pero indica que a empresa do SAF levaba seis meses sen cobrar nada, e que non ven xusto que se xogue con ese retraso pero que as empresas utilizan esa presión; e que tamén pode ser que aparezan circunstancias persoais de cada traballadora, pero que nese punto que teñen que pedir á empresa que sempre teña substitutas para cubrir o servizo.

-Carlos Castro transmite a queixa da planificación de limpeza de camiños, xa que se deixan a medio traballar.

Ana M^a López explica que están en época estival, e que hai que adecentar nesta época o pobo, que todo o mundo quere arranxar todo pero que hai que establecer prioridades, sobre todo, pola falta de persoal.

-Carlos Castro realiza un **ROGO**: que na zona de Pousadoiro que non hai auga da traída, que se poden estudar o tema; e que na mesma zoa, por un problema do GPS, que non se distinguen ben as estradas e as sinalizacións, polo que se leva á confusión da xente foránea.

-Carlos Castro PREGUNTA se teñen previsto limpar os baños da praia de Fornos. Tamén indica que había unhas sinais que limitaban o estacionamento das caravanas, e que agora se atopan rotas, e pregunta se se poderían volver a repoñer.

Laura García resposta a esta última pregunta, indica que hai unha empresa de limpeza de praias que está niso, que cre que hai un problema coas chaves pero que ese problema se pode resolver.

-Carlos Castro lembra o estado de deterioro do mobiliario dos parques infantís da vila.

Laura García comenta que levan anos así, que teñen que ter un pouco de marxe, pero que hai deterioro e perigo para os nenos, pero que todo leva un proceso., e que os parques son unha prioridade.

-José M. Alonso formula un **ROGO**: un tema polo que levan loitando todas as Corporacións que pasaron polo Concello, e ao que lle hai que dar prioridade, a reversión de terreos de Portos en favor do Estado. Explica que das 10 hectáreas que ten Portos en Cariño, que catro e media aproximadamente que se atopa no casco urbano, e que o Concello paga polo uso e que hai que mantelo, que practicamente se trata dun imposto revolucionario.

Engade que ningún pode entender que se pague un aluguer polo Concello, polo mercado, etc...Di que a primeira reversión que a solicitou Luís Armada fai varios anos, e tamén Tallón e Puri, e que él mesmo a solicitou dúas veces. Que fai unhas meses que tivo unha xuntanza Con Teresa Rivera e que a resposta foi bastante rápida. Que unhas días antes das eleccións chegou ao Concello un documento para solicitar en Pleno a reversión de terreos. Que entende que están chegando ao cargo, que saben que os funcionarios que teñen moito traballo, pero pide que traian o tema ao seguinte Pleno. Pide que se lle dea prioridade ao tema.

Ana M^a López dille que se está a facer informe pola arquitecta, e que xa o reamtuou, e que eles tamén consideran que se trata dunha prioridade. Engade que tamén están pendentes da nave que hai diante do Marineda que está parada, que tiveron unha xuntanza con Portos, e que está afectada por Patrimonio. Que ahí teñen que traballar para ver solucións, porque iso non se pode ter parado de forma perpetua.

José M. Alonso di que el faría un pac con todo, que nesa vivenda hai un problema que é exclusivo da Xunta de Galicia, de Portos. Explica que a Xunta de Galicia que fai un informe negativo contra a propia Xunta.

-José M. Alonso pregunta tamén polo tema dos desbroces, pero indica que xa foi contestado ao BNG.

-José M. Alonso comenta que lles chamou a atención unha nota de prensa na que indicaban que as prioridades ían ser as praias, que lles parece correcto. Pregunta cando se van a limpar os accesos de area ás praias, xa que lles preguntaron algúns veciños.

A Alcaldesa contesta que agora non, que van contra reloxo, e que van a facer primeiro os arranxos urxentes.

-José M. Alonso Pumar pide que se retransmitan os plenos, pero consideran que o formato you tubenon é o máis institucional, que en Ortigueira se emprega a videoacta que se colgan despois na web, e que facilitaría o traballo á Secretaria. Que se trata dun procedemento con validez legal, e que non hai lugar a discutir o que se fala.

-José M. Alonso pregúntalle á Alcaldesa se ten coñecemento da acta de arqueo.

Ana M^a López resposta que cos problemas que se atoparon que non se puxeron con iso, que o mirarán.

José M. Alonso explica que a acta de arqueo é un documento que asina o servizo de Intervención municipal, ás 14 horas antes do Pleno de investidura, e que nesta acta aparecen todas as contas bancarias do Concello cos seus respectivos saldos, e que ese documento está a disposición de todos os concelleiros. Que o saldo desas contas era de 644.552,39 euros, e que a maiores, acaban de recibir o POS con cen mil e pico de euros,

e que está pendente o ingreso da subvención do IDAE por importe de 600.000 euros, que en pouco tempo contarán con máis de un millón trescentos mil euros.

Engade que lles chama a atención que falen constantemente da ausencia de cartos.

Laura García dille que eses cartos non están orzamentados que iso o sabe perfectamente el. Que os orzamentos que había que estaban todos gastados, e que eses cartos non se poden pasar se non pasan polo orzamento.

José M. Alonso pídelle á Alcaldesa que regule o debate. Comenta que non se pode dicir que algo non está orzamentado cando o orzamento computa ingresos e gastos, que non son cartos que entran na caixa B dun narcotraficante, e que o resultado electoral foi o que foi, e que non pensarían que de gañar eles as eleccións que non farían nada, xa que funcionarían con toda normalidade, e que entende que sexa unha boa excusa cando non se é capaz de facer cousas.

Ana M^a López ensina un listado de facturas sen pagar dende o 01/07/2023, di que todos son pagos.

José M. Alonso dille que ela tomou posesión o 17 de xuño.

A Alcaldesa di que pagou esas facturas ela no mes de xullo, pero son facturas anteriores, e que está poñendo en dúbida o que di a Interventora, que di que os cartos se xustifican co orzamento.

José M. Alonso dille que hai cartos no banco que non se poden tocar e que hai facturas sen pagar.

Ana M^a López di que eses cartos están gardados para pagar as facturas, pero que se elas queren facer algo que se teñen que axustar ao que existe no orzamento.

José M. Alonso comenta que hai partidas que se aproban por vinculación, que noutras lexislaturas por exemplo, se lles achacou a falta de socorristas, que todos os anos a Xunta de Galicia saca unha subvención para esta finalidade pero o requisito é que proveñan do Inem, pero que non aparecen socorristas porque as empresas privadas pagan máis. Que non se poden contratar socorristas e que o procedemento queda deserto, polo que hai que desistir da subvención. Pero que para ter socorristas se pode tirar doutras partidas que non se van a usar, partidas dentro do capítulo 1, no apartado de corpos de seguridade, que hai unha praza vacante de policía local orzamentada que se pode aplicar por vinculación, e que iso se fixo outros anos.

A Alcaldesa explica que tiveron que cambiar partidas para cubrir o servizo de conciliación, e que hai que priorizar, porque non da para todo.

José M. Alonso dille que non cre que moveran do salario da policía local para conciliación, xa que o salario da policía local está no capítulo 1, e o campamento de conciliación non pode moverse para traelo a ese capítulo.

A Alcaldesa dille que a Interventora díxolle que non se podía, e que non ía discutir.

José M. Alonso dille que a Interventora non e deus, que a veces a intención política é diferente e que os técnicos están para dar solucións.

Laura García comenta que as cinco prazas de socorristas que quedaron vacantes, pero que se se puidese facer de outra forma que iso non significa que esas prazas se cubrirían, xa que se esixen titulacións específicas que a xente non ten, porque cambiou a lexislación.

José M. Alonso di que en Fornos se necesitarían tres socorristas porque se trata dunha praia perigosa, e que se podían sacar cartos da praza vacante de policía local.

Laura García dille que elas acaban de comezar, que non entenden de capítulos, que eles levan moito tempo e que saben de memoria os orzamentos, que hai un persoal municipal no que teñen que apoiarse, e que a Interventora neste caso é a que di se se pode facer ou non.

Dille José M. Alonso que a Interventora fai o seu traballo, que é intentar apretar. Cre que teñen que coller as rendas das cousas e despois que comezará o tira e afloxa coa Interventora, xa que as leis son interpretables.

Toma a palabra Miguel A. Pérez e dille que as cousas estaban da súa man, e que el colle o coche de seu pai e que non conduce igual que o seu, que anda pero que non anda igual, e que con isto quere dicir, que hai que adaptarse ás circunstancias.

-José M. Alonso pregunta se hai algunha novidade en relación co cruce de Landoi.

A Alcaldesa dille que non ten coñecemento que se vaian a iniciar as obras, que dixeron algo de retomalas pero non se sabe candon.

Pregúntalle José M. Alonso con quen falou, e a Alcaldesa dille que con Mar.

José M. Alonso dille que Mar é a capataz da zona, que ten que falar con alguén por enriba de Mar.

Ana M^a López dille que falou co presidente da Deputación, pero que lle mandou falar con Mar que era a que estaba na zona.

DILIXENCIA: Faise constar que neste punto, entrégase ao portavoz do BNG, por parte da Secretaria municipal, o informe en contestación ao escrito presentado sobre legalidade do procedemento seguido para a elección de Alcalde/sa na sesión constitutiva do Pleno de data 17/06/2023 e a consecuencia dun eventual recurso ante o Concello ou Xunta Electoral Central.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos.

A Alcaldesa
Asdo:- Ana M^a Fernández López

A Secretaria
Asdo.- Alejandra Pardo Vázquez